

CONCURSO ESPECÍFICO MÉDICOS/AS DE HADO

No DOG de onte publicouse unha resolución da Dirección Xeral de RRHH do SERGAS na que se convoca **concurso específico** para o ingreso na categoría de **persoal médico de hospitalización a domicilio** xunto cas bases que rexen o procedemento.

Os/as profesionais interesados en participar **deberán posuír na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter ata a toma de posesión** os seguintes **requisitos**:

- 1.- Ser persoal estatutario fixo nalguna categoría médica na actualidade e na data en que entrou en vigor o Decreto 34/2021 (o 21.03.2021).
- 2.- Desempeñar ou ter desempeñado no SERGAS, na data de entrada en vigor do Decreto 34/2021 ou con anterioridade, as funcións propias da categoría de médico/a de HADO.
- 3.- Estar en servizo activo no sistema público de saúde galego, con nomeamento como persoal estatutario fixo polo menos dous anos na categoría de procedencia e ter destino definitivo no centro (área/distrito) no que se oferta á praza.
- 4.- Dispoñer de titulación en Medicina e especialidade médica oficial, ou certificación habilitante equivalente.
- 5.- Ter permiso de conducir clase B ou equivalente.

Prazas: ofértanse **23 prazas** coa seguinte distribución por centros:

Centro:	Nº prazas:	Centro:	Nº prazas:
Distrito de A Coruña	3	Distrito de A Mariña	3
Área Sanitaria de Ferrol	1	Distrito de Monforte	1
Distrito de Santiago	2	Distrito de Ourense	3
Distrito da Barbanza	1	Distrito de O Salnés	1
Distrito de Lugo	5	Área Sanitaria de Vigo	3

As **inscricións** realizaranse no FIDES e o **prazo de presentación de solicitudes é dun mes** (do **08.01.2026** ao **09.02.2026**, ambos días incluídos). Os méritos computarán ata o 07.01.2026

Podes consultar o texto completo no seguinte código QR:



Para máis información, acode a túa sección sindical de CCOD